

CONDICIÓN E NORMAS DE FUNCIONAMENTO A TER EN CONTA

OBRADOIROS VERAN CIPAX 2021

- Para previr a posibilidade de contaxios do coronavirus **os profesionais** a cargo das actividades velarán pola seguridade da actividade mediante o control diario da saúde de cada participante (**tomarase o control da temperatura** á entrada nas instalacións) e polo adecuado cumprimento de todos os protocolos e normas de seguridade establecidos.
- Dadas as circunstancias actuais provocadas pola pandemia da COVID-19, recomendamos que non soliciten praza para nenos/as que teñan **patoloxías previas** que poidan agravar o coronavirus tales como: enfermidade cardíaca, retraso no desenvolvemento, compromiso inmunitario, postrasplante... ou síntomas asociados á infección polo coronavirus como respiratorios, gastrointestinais, neurolóxicos ou circulatorios, entre outros.
- Os **proxenitores** ou titores dos participantes deberán responsabilizarse da súa situación particular fronte a COVID-19, de tal forma que se alguén presenta sintomatoloxía asociada co coronavirus non acudirá e contactará co servizo de xuventude do Concello.

DURANTE A ACTIVIDADE

- **Será obrigatorio o uso de máscara** por parte de todas as persoas participantes que deberán traer todos os días e se insistirá no lavado de mans sistemático.
- A metodoloxía de traballo será diferente a de outros anos, establecéndose actividades nas que **se evitará o contacto físico e se limitarán os espazos**, primando as actividades ao aire libre, sempre que o tempo atmosférico o permita.
- Non se realizarán actividades intergrupais sen manter unha distancia mínima e cada grupo de participantes só terá relación co/a seu/súa **monitor/a de referencia**.
- A **limpeza e desinfección dos espazos e materiais** será un requisito fundamental durante a duración dos obradoiros e todos os días procederase á desinfección dos espazos e retirada de residuos.
- O material que se utilice será individual e non se compartirá, e se procederá á súa desinfección unha vez terminado o obradorio.
- Ante a **aparición de síntomas** unha vez iniciada a actividade ou durante o seu desenvolvemento, o participante interromperá a actividade e manterase a distancia do resto do grupo, e contactarase co centro de saúde que corresponda para recibir intrucións, así como coa familia.
- **Ante un positivo por COVID-19**, seguiranse todas as recomendacións dos servizos

sanitarios e actuarase coordinadamente con eles. **Paralizarase a actividade** e se notificará ás familias así como ao resto de participantes, persoal e responsables da organización das medidas de seguridade que as autoridades sanitarias recomenden, podendo decretar o peche temporal do centro para a súa desinfección.

- O Concello de Culleredo resérvase o dereito de efectuar as modificacións nas instalacións e reagrupamentos, etc que se consideren necesarias ou anular a actividade por motivos organizativos ou pola normativa vixente actual da crise sanitaria COVID-19.
- **As familias:** deberán ter un teléfono operativo durante o horario de funcionamento das actividades.
- **As persoas participantes:** deberán traer **auga e merenda** todos os días, **roupa cómoda, viseira e calzado axeitado axustado ao pé** (non se admiten chancletas descalzas), así como **crema solar** e unha **muda completa** (no caso dos máis pequenos). Todo deberá vir rotulado co seu nome.
- A entrada e saída realizarase **gradualmente** para evitar aglomeracións.
- No caso de detectarse **dificultades de adaptación** ou **problemas de comportamento**, serán citadas as familias a unha entrevista podendo tomarse a decisión de apartar ao neno/a da actividade.
- Será obrigatoria a presentación do documento **DECLARACIÓN RESPONSABLE** o primeiro día de inicio do campamento na mesma instalación á persoa responsable da actividade.